

INCAPACIDADE TEMPORAL

Fonte: páxina web oficial Seguridad Social www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/PrestacionesPension10935/Incapacidadtemporal/index.htm

A prestación económica por incapacidad temporal trata de cubrir a falta de ingresos que se produce cando a persoa traballadora, por mor dunha enfermidade ou accidente, está imposibilitada temporalmente para traballar e precisa asistencia sanitaria da Seguridad Social.

Esta prestación económica está incluída dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes especiais da Seguridad Social.

É un subsidio diario que cobre a perda de rendas producida por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente de traballo e os períodos de observación por enfermidade profesional.

Beneficiarios: Traballadores por conta allea incluídos en calquera Réxime da Seguridad Social sempre que cumpran determinados requisitos e os traballadores por conta propia que optaron por incluír esta prestación

Requisitos:

- **Enfermidade común:** estar afiliados e en alta ou en situación asimilada á alta e ter cuberto un período de cotización de 180 días nos 5 anos anteriores.

- **Accidente sexa ou non de traballo e enfermidade profesional:** non se esixen cotizacións previas.

Entidade competente: segundo a opción que realizara o empresario para a súa cobertura, o recoñecemento e pago corresponderá

- Ó Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS)
- Ó Instituto Social de la Marina (ISM)
- Á Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais
- Ás empresas autorizadas a colaborar voluntariamente na xestión da incapacidade temporal.

Pago:

- **Traballadores por conta allea.** En xeral, o pago efectúao a empresa como pago delegado coa mesma periodicidade que os salarios.
No caso de enfermidade común ou accidente non laboral, o pago entre o 4º e o 15º día da baixa corre a cargo do empresario, a partir do 16º día a responsabilidade será do INSS ou da Mutua.
- **Traballadores por conta propia.** O pago realízao directamente a entidade xestora ou a Mutua competente. Ademais, poderá ser solicitado mediante a solicitude de pago directo.

Contido ou cuantía:

- **Enfermidade común e accidente non laboral:** 60 % da base reguladora dende o 4º día da baixa ata o 20º inclusive e o 75 % dende o día 21 en diante.

- **Enfermidade profesional ou accidente de traballo:** 75 % da base reguladora dende o día seguinte ó da baixa no traballo.

Impresos:

Partes médicos de baixa, confirmación da baixa e alta.

Documentación:

- Documentos acreditativos da identidade do traballador.
 - Españóis: DNI
 - Estranxeiros: pasaporte ou no seu caso, documento de identidade vixente no seu país e NIE esixido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria a efectos de pago.
- Documentos relativos á cotización.
 - Traballador por conta allea do Réxime Xeral: certificación da / s última / s empresa / s nas que traballou.
 - Traballador por conta allea do Réxime Especial Agrario: certificado de empresa, enchido conforme ó TC 2/8 do mes anterior á baixa e xustificantes de pago dos tres últimos meses (TC 1/9).
 - Traballador por conta propia: xustificante de pago de cotas dos tres últimos meses.
 - Para os artistas e profesionais taurinos declaración de actividades (TC 4/6) e xustificante de actuacións (TC 4/5) que non foran presentados pola Tesorería General de la Seguridad Social.
 - Representantes de comercio: xustificantes do pago de cotas dos tres últimos meses (TC 1/3)



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Asesoría
Desenvolvemento
Local de
Camariñas

Perda ou suspensión:

Actuación fraudulenta para obter ou conserva-la prestación, traballar por conta propia ou allea e por rexeitar ou abandonar o tratamento prescrito.

Extinción:

Extínguese no transcurso do prazo máximo establecido, alta médica con ou sen declaración de incapacidade permanente, pasar a ser pensionista de xubilación, por non presentarse ós recoñecementos médicos establecidos polos médicos do INSS ou da Mutua e por falecemento.

Duración:

- **Enfermidade ou accidente:** 365 días prorrogables por outros 180 si durante ese transcurso se prevé curación.
- **Períodos de observación da enfermidade profesional:** 6 meses prorrogables por outros 6.

¿Qué es la Incapacidad Temporal (IT)?

Es un subsidio diario que cubre la pérdida de rentas mientras el trabajador está imposibilitado temporalmente para trabajar y recibe asistencia sanitaria de la Seguridad Social.

¿Cuándo se inicia?

Por enfermedad común o accidente no laboral, desde el 4º día de la baja.

Por accidente de trabajo o enfermedad profesional, desde el día siguiente al de la baja.

¿Qué trámites se deben de realizar y dónde se tramitan?

El Servicio Público de Salud o la Mutua de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales correspondiente extenderá por cuadruplicado los **partes médicos**:

Partes médicos de baja, de confirmación de la baja y de alta.

El **Original** para la Inspección de Servicios Sanitarios.

Dos copias para el trabajador. Una copia la conservará.

Una copia para la Entidad Gestora o Mutua.

La otra copia la entregará, en 3 días ó 24 horas si es un parte médico de alta, a la empresa que la enviará por Internet o Sistema RED en un plazo de 5 días a la Entidad Gestora.

NOTAS:

El Parte médico de confirmación de la baja se expide el 4º día de la baja o a los 7 días en caso de accidente de trabajo y enfermedad profesional, y sucesivamente cada 7 días.

El Parte médico de alta: el trabajador se incorpora al trabajo al día siguiente de la expedición de este parte.

¿Cuándo finaliza la prestación?

- Por transcurso del plazo máximo establecido.
- Por alta médica.
- Por pasar a ser pensionista.
- Por no presentarse a los reconocimientos.